



ACORDO DE PRÓRROGA DO CONVENIO MARCO VIXENTE ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACION DE TÉCNICOS ORTOPÉDICOS DE GALICIA (ATOG) PARA A DISPENSACION DE MATERIAL ORTOPROTÉSICO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

En Santiago de Compostela, a 30 de decembro de 2010.

Dunha parte, a Sra. D^a. Pilar Farjas Abadía, conselleira de Sanidade e presidenta do Servizo Galego de Saúde, actuando en nome e representación do Servizo Galego de Saúde, en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, da Xunta e o seu presidente e no artigo 3 do Decreto 311/2009, do 5 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde,

E doutra, D. Jorge Ruibal Aboy, con NIF nº 35.322.600 M, presidente da Asociación de Técnicos Ortopédicos de Galicia (ATOG), en representación da mesma

EXPOÑEN

Que o convenio de data 2 de xaneiro de 2006 entre o Servizo Galego de Saúde e as distintas Asociacións de ortopedias, ópticas e establecementos audioprotésicos para a dispensación de material ortoprotésico na comunidade autónoma de Galicia establece unha vixencia que aparece regulada na 1^a addenda de data 30 de decembro de 2009, que establece:

“O convenio marco poderase prorrogar por períodos anuais. Dita prórroga requirirá acordo expreso das partes antes da finalización de cada período anual”

Mediante acordo de adhesión á 1^a addenda as asociacións e establecementos de ortoprotésicos e o Servizo Galego de Saúde prorrogaron o citado convenio para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2010.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Dirección de Recursos Económicos

Dada a necesidade de asegurar a prestación ortoprotésica polo Servizo Galego de Saúde á poboación protexida, considérase imprescindible manter o sistema de pago directo mentres non se remate a elaboración do novo catálogo e a redacción dun novo convenio

Por todo o anterior ambas partes

Acordan

Prorrogar o convenio vixente de data 2 de xaneiro de 2006 dende o 1 de xaneiro de 2011 ata o 31 de decembro 2011.

O presente acordo será asinado por cada unha das asociacións e establecementos.

POLO SERVIZO GALEGO DE SAUDE

**POLA ASOCIACION DE TECNICOS
ORTOPÉRDICOS DE GALICIA (ATOG)**



Pilar Farjas Abadía

José Jorge Ruibal Aboy

